

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 17 DE MARZO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproba o Regulamento de casinos de xogo da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da estrada AC-211 (San Pedro de Nós- A Pasaxe) e máis dunha caseta de legoeiros situada á altura do punto quilométrico 2+050 da marxe dereita da AC-211 a prol do Concello de Culleredo.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago para a mellora da atención aos peregrinos e visitantes, por importe total de trescentos corenta e tres mil seiscentos corenta e cinco euros (343.645 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e, complementariamente, para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu ámbito familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, por un importe de cento cincuenta e catro mil seiscentos euros (154.600,00€).

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Facenda e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para o desenvolvemento do Campus Científico-Tecnolóxico Cidade do Mar e a regularización da situación económico patrimonial derivada do convenio do 10 de febreiro de 2009.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do parque eólico Carracedo, situado nos concellos da Pastoriza e Mondoñedo (Lugo) e promovido pola sociedade Norvento, SL (LU-11/126-EOL).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da xestión enerxética prestacional e do servizo de mantemento de instalacións de equipos dependentes da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo, por un importe de sete millóns nove mil trescentos corenta e cinco euros con trinta e tres céntimos (7.009.345,33 €), e un valor estimado de doce millóns cento sesenta e catro mil novecentos setenta e nove euros con cincuenta céntimos (12.164.979,50 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o acordo acadado para a posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a distribución para o ano 2016, do fondo de recuperación retributiva previsto na disposición transitoria décimo segunda da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o Programa Galicia 1000 para o ano 2016.

- Informe sobre a Resolución do 11 de marzo de 2016 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do parque eólico Campo Pequeno situado no concello da Baña (A Coruña) e promovido pola sociedade Eólica Galenova, SL (IN661A 2011/11).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe de execución dos proxectos de tecnoloxías da información no ano 2015.

A XUNTA MELLORA A REGULACIÓN DOS CASINOS GALEGOS COA INTRODUCIÓN DE SALAS ADICIONAIS

- *O Consello da Xunta deu luz verde ao decreto polo que se aproba o regulamento de casinos de xogo na Comunidade Autónoma de Galicia*
- *Os casinos matriz poderán ter unha sala adicional noutra cidade da súa provincia, sempre e cando as súas instalacións non superen o 80 por cento da súa superficie*
- *A nova norma regula tamén a creación dun 'Rexistro de Casinos de Xogo', e aspectos como as autorizacións, mecanismos de control, infraccións e sancións*

O Consello da Xunta deu luz verde a un novo regulamento de casinos de xogo na Comunidade Autónoma de Galicia que, entre outros aspectos, regula a apertura de salas adicionais ás xa abertas en cada provincia.

O regulamento consta de seis títulos e un preliminar no que se recolle a creación e regulación do Rexistro de Casinos de Xogo, no que se dará publicidade aos aspectos máis relevantes deste tipo de establecementos e dos elementos de xogo presentes nestes. Estrutúrase en catro seccións: empresas fabricantes e importadoras, empresas titulares de casinos de xogos, casinos de xogos e material de casinos de xogos. Cada sección, pola súa vez, disporá de subseccións para inscribir as autorizacións que, segundo este novo regulamento, lle correspondan a cada tipo de empresa e os efectos da inscrición.

Autorizacións por concurso público

O primeiro dos títulos do decreto, "Os títulos habilitantes", regula os requisitos das empresas para obter unha autorización que lles permita a instalación dun casino en Galicia e o procedemento para outorgar esas autorizacións, que será mediante concurso público.

Recolle tamén os criterios de ponderación -interese turístico e social, experiencia, calidade, etc.-, a necesidade dun informe municipal sobre a idoneidade da instalación tendo en conta cuestións urbanísticas e as causas de extinción da autorización. Esta terá unha vixencia de dez anos, sendo renovable por períodos sucesivos de idéntica duración.

O título II regula "As dependencias do casino, salas adicionais e acceso". As dependencias dos casinos deberán contar cunha sala principal de xogo que poderá albergar máquinas de xogo, recreativas e/ou de azar tipo "C", nunha zona ou área diferenciada. Esta zona poderá ter un horario e un período de funcionamento distinto ao da zona das mesas de xogo e outras salas de xogo independentes tanto no espazo como nos horarios e na posibilidade de ofrecer servizos complementarios. As salas

deben contar cun sistema de gravación de vídeo que dea cobertura a cada unha das mesas.

Regulación das salas adicionais

Esta norma, como xa se ten explicado, regula tamén as chamadas “salas adicionais”, cuxa apertura é posible agora en Galicia grazas a unha modificación feita polo Goberno galego a través da Lei de medidas fiscais e administrativas. Estas salas poderán autorizarse a cada un dos casinos co condicionante de que se sitúen na mesma provincia pero nunha cidade diferente. Ademais, non poderán superar o 80 por cento da superficie da zona destinada a xogos no casino matriz.

Tamén se recolle neste título un punto relativo á admisión ás salas de xogo, poñendo a maior énfase posible en que se impida o acceso aos menores de idade e a aquelas persoas inscritas voluntariamente no “Rexistro de prohibidos” da Xunta; e recóllense unha serie de garantías para os usuarios como son a expedición de tarxetas de entrada, a información para o público e a existencia dun libro de reclamacións.

O título III, “Dirección e persoal dos casinos”, trata sobre o réxime interno destes establecementos e está concibido como un instrumento que garanta a maior calidade posible nos servizos ofrecidos, así como un alto grao de profesionalidade e imparcialidade no desempeño das súas funcións por parte do persoal empregado. O IV recolle o “Funcionamento das salas” e, ademais de cuestións xerais como os horarios, regula de forma detallada as condicións nas que os xogos deben ser ofrecidos e o material que pode ser empregado.

Por último, o título V regula os “Mecanismos e libros de control”, facendo énfase nos libros-rexistro do casino; e o VI, o último, dedícase ás “Infraccións e sancións”. Neste último punto o decreto remite á Lei galega reguladora dos xogos e apostas de Galicia, a 14/1985; e ao Regulamento -estatal- para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

A XUNTA DE GALICIA TRANSFIRE AO CONCELLO DE CULLEREDO O TREITO DA ESTRADA AC-211 QUE UNE A PONTE DO BURGO E A TRAVESÍA DE FONTECULLER

- *Trátase dun tramo de 2,6 km de lonxitude comprendido entre os puntos quilométricos 0+680, no límite co Concello de Cambre; e 3+350, limítrofe co Concello da Coruña*
- *O cambio de titularidade inclúe a totalidade da zona de dominio público, polo que están tamén contemplados os elementos funcionais da estrada, entre os que se atopa unha antiga caseta de legoeiros situada no tramo*
- *Esta cesión será efectiva ao día seguinte da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes mediante a sinatura da correspondente acta*
- *A Xunta investiu nos últimos anos 2,4 millóns de euros en actuacións nesta estrada que consistiron na mellora do tramo O Burgo – A Pasaxe e optimización da ponte do Burgo*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o cambio de titularidade do treito da estrada San Pedro de Nós-A Pasaxe (AC-211), que vai dende a Ponte do Burgo ata a travesía de Fonteculler, a prol do Concello de Culleredo.

O Concello de Culleredo manifestou á Consellería de Infraestruturas e Vivenda o seu interese polo cambio de titularidade da estrada San Pedro de Nós - A Pasaxe (AC-211) no tramo que percorre o seu termo municipal. Trátase do treito de 2,67 km de lonxitude comprendido entre os puntos quilométricos 0+680, situado na ponte do Burgo, no límite co Concello de Cambre e 3+350, punto no que finaliza a travesía de Fonteculler, limítrofe co Concello da Coruña.

Nesta solicitude, o municipio estende o cambio de titularidade á totalidade da zona de dominio público, polo que están tamén incluídos os elementos funcionais da estrada, entre os que se atopa unha antiga caseta de legoeiros situada no tramo. Polo tanto, propónse o cambio de titularidade a prol do Concello de Culleredo do citado treito da estrada AC-211; e a casa de legoeiros, situada a altura do p.q. 2+050 da marxe dereita da AC-211.

A cesión tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que deberá ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

O cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes mediante a sinatura da correspondente acta.



Corresponderanlle ao Concello de Culleredo, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación dos terreos, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra como nova Administración titular.

Melloras na estrada

Cómpre lembrar que nos últimos anos a Axencia Galega de Infraestruturas traballou na mellora desta estrada, acometendo dúas importantes actuacións que permitiron que se atope nestes momentos nun estado axeitado de conservación, o que propicia o seu cambio de titularidade.

En 2009 levouse a cabo a mellora do tramo O Burgo – A Pasaxe (p.q. 0+910 a 3+510) na que se investiron máis de 1,9 millóns de euros. A actuación consistiu no acondicionamento de marxes, a rehabilitación do firme e a mellora das interseccións, executando catro glorietas que melloraron de xeito notable a fluidez do tráfico.

Ademais, en 2014 realizouse a adecuación da estrada na ponte do Burgo (p.q. 0+650), na que se achegaron preto de 500.000 euros. Con esta obra incrementouse a capacidade da ponte, dispoñendo un novo carril para o tráfico rodado; executouse unha pasarela para uso peonil pola marxe dereita, para o que foi necesario ampliar a ponte, que dá continuidade ao paseo marítimo, e executouse unha nova glorietta na intersección entre a AC-211 (p.q. 0+650) e a estrada provincial DP-1706.



TURISMO DE GALICIA E A CATEDRAL DE SANTIAGO COLABORARÁN NA MELLORA DA ATENCIÓN AOS PEREGRINOS

- *A través dun convenio de colaboración, poñerán en marcha diversas iniciativas para consolidar a calidade como un elemento distintivo e factor de diferenciación do destino Galicia*
- *O convenio constitúe unha aposta máis da Xunta de Galicia por mellorar un dos fenómenos máis universais da civilización actual e o principal recurso turístico e cultural de Galicia*
- *No que vai de ano xa chegaron a Compostela máis de 4.000 peregrinos, o que supón un incremento de preto do 15%*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago para a mellora da atención aos peregrinos e visitantes da nosa comunidade.

O Camiño de Santiago cada vez ten máis adeptos seguindo unha forte progresión ascendente no seu número de peregrinos. Ademais, a tendencia actual mostra un importante incremento de peregrinos estranxeiros ata tal punto que xa son máis numerosos que os nacionais.

Con todo, a Ruta Xacobeana converteuse no principal elemento captador de turismo internacional para Galicia, o seu sinal de identidade e a súa carta de presentación a nivel mundial.

O obxecto do acordo é mellorar a atención ofrecida a estes peregrinos e visitantes que chegan a nosa comunidade para, así, consolidar a calidade como un elemento distintivo e factor de diferenciación do destino Galicia.

Neste senso, o convenio inclúe diversas iniciativas relacionadas co Centro Internacional de Acollida aos Peregrinos de Santiago de Compostela, como o reforzo do seu material e persoal para unha maior atención e información aos peregrinos ou a cesión dun local nas súas instalacións para a utilización de Renfe.

Así mesmo, Turismo de Galicia colaborará, grazas ao acordo, en actividades e edición que promova a Catedral de Santiago relacionadas coa Ruta Xacobeana, como o Congreso de Acollida Cristiá, así como a edición de revistas ou publicación.

Para posibilitar a realización das actuacións obxecto do convenio de colaboración, Turismo de Galicia achegará 200.000€.

O convenio constitúe unha aposta máis da Xunta de Galicia por mellorar un dos fenómenos máis universais da civilización actual e o principal recurso turístico e cultural de Galicia, o seu produto estrela e a súa marca diferencial.

Incremento continuado de peregrinos

Este acordo, a través do cal se mellorará a atención turística, resulta necesario dado o actual dinamismo do Camiño de Santiago e o incremento continuado do seu número de peregrinos.

No 2015 recolleron a súa Compostela un total de 262.515 peregrinos, o que supuxo un máximo histórico nun ano non Santo e un incremento do 10,31% en relación aos peregrinos rexistrados no ano 2014. Os peregrinos estranxeiros supuxeron no pasado ano o 53,38% do total contabilizándose 178 países de orixe distintas, 39 máis que en 2014, o que mostra a gran capacidade do Camiño para atraer visitantes de todo o mundo.

Neste ano, estas cifras van en aumento e no que vai de ano xa chegaron a Compostela máis de 4.000 peregrinos, o que supón un incremento de preto do 15% en relación ao mesmo período do pasado ano.

A XUNTA RENOVA O CONVENIO CO COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS PARA ATENCIÓN AS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

- *Desde o ano 2009, máis de 2.200 mulleres, máis de 800 menores e 527 homes foron beneficiarios destes programas*
- *O Goberno galego achegará para tal fin máis de 154.000 euros*
- *Tamén se dará atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar a través do programa "Abramos o Círculo"*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, as súas fillas e fillos menores e a outras persoas do seu ámbito familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero. O convenio tamén recolle un programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar.

Así, un ano máis o goberno galego financia o Programa de atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero e para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, que ten como finalidade ofrecerlle a estas persoas recursos terapéuticos que lles faciliten a súa recuperación. Este Programa iniciouse no ano 2004 e conta cun orzamento de 120.000 euros.

Na mesma liña, está o programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, programa denominado "Abramos o Círculo", que ten coma finalidade ofrecer recursos terapéuticos que abran vías de recuperación a homes que recoñezan ter problemas de control da violencia no ámbito familiar. Este programa iniciouse no ano 2001, a través dun convenio entre a Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, e ten un orzamento de 34.600 euros.

Ambos programas contan cunha persoa profesional da psicoloxía que os coordina, e cunha rede de profesionais que levan a cabo a intervención profesional que comprenden asistencias e consultas as persoas beneficiarias, asistencia oral en xuízo por parte das psicólogas e psicólogos do programa;

Inclúese ademais a cobertura da asistencia domiciliaria en caso de morte por violencia de xénero con carácter de urxencia, sempre que sexa preciso, así como a colaboración co Centro Autonómico de Recuperación Integral para Mulleres que sofren Violencia de Xénero, no apoio terapéutico e psicolóxico das súas usuarias. E desde o ano 2014, inclúese en ambos os programas a garantía de acceso ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala.

Dende o ano 2009, 2.273 mulleres, 846 menores e 527 homes foron beneficiarios destes programas.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO POLO QUE O GOBERNO GALEGO, ZONA FRANCA E UNIVERSIDADE DE VIGO IMPULSARÁN O DESENVOLVEMENTO DA ETEA

- *O Goberno galego reverterá á Zona Franca as parcelas 3A e 3B, que se corresponden coa área científico-tecnolóxica, para que posteriormente a Universidade proceda ao seu desenvolvemento*
- *A primeira parcela destinarase a espazo para a sede corporativa do Campus do Mar, acelerador de empresas (Emprendemar) e centro de innovación gastronómico do Campus do Mar*
- *A segunda das parcelas albergará actividades relacionadas coas tecnoloxías avanzadas mariñas, elemento destacado na Estratexia de Biotecnoloxía da Consellería de Economía, Emprego e Industria*
- *A superficie total recollida no Plan sectorial é de 115.050 metros cadrados, repartidos en 6 áreas*
- *O obxectivo deste proxecto é acadar un espazo multidisciplinar, no cal se unan os usos sociais – asistenciais, culturais, deportivos, residenciais, entre outros- e os científicos, co fin de atraer a cidadanía cara a este campus*

O Consello da Xunta autorizou na súa sesión de hoxe o convenio polo que o Goberno galego, o Consorcio Zona Franca de Vigo e a Universidade de Vigo impulsarán o desenvolvemento da antiga Escola de Transmisións e Electricidade da Armada (ETEA).

Neste acordo establécese que a Xunta reverterá á Zona Franca as parcelas 3A e 3B, que se corresponden coa área científico tecnolóxica, para que posteriormente a Universidade proceda ao seu desenvolvemento.

A primeira das parcelas destinarase a espazo para a sede corporativa do Campus do Mar, acelerador de empresas (Emprendemar) e centro de innovación gastronómico do Campus do Mar. A segunda das parcelas, baixo o liderado da Universidade de Vigo, albergará actividades relacionadas coas tecnoloxías avanzadas mariñas, un elemento destacado na estratexia de Biotecnoloxía da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O Plan Sectorial da ETEA foi aprobado definitivamente no Consello da Xunta do 23 de febreiro de 2012, sendo unha aposta por converter os terreos destas antigas inmediateiros nun centro de referencia e excelencia da investigación mariña a nivel internacional.

O obxectivo é acadar un espazo multidisciplinar, no cal se unan os usos sociais – asistenciais, culturais, deportivos, residenciais, entre outros- e os científicos, co fin de atraer a cidadanía cara a este campus.

A superficie total contemplada no Plan sectorial é de 115.050 metros cadrados, repartidos do seguinte xeito:

- **PS1, Viais, espazos libres e infraestruturas:** superficie de 20.029 m².
- **PS2, 3A, 3B, Área científico tecnolóxica,** cunha superficie total de 34.906 m².
- **PS4, Equipamento deportivo, usos dotacionais e parque,** cuxa superficie suma 31.291 m².
- **PS5, Usos recreativos,** con 7.625 m². Cómpre lembrar que a Xunta investiu preto de 700.000 euros na recuperación desta área, o que amosa o compromiso do Goberno galego cos veciños de Teis e todos os cidadáns de Vigo, poñendo á súa disposición este espazo coas dotacións solicitadas nas reunións mantidas coas asociacións. Este proxecto permitiu a transformación deste ámbito introducindo elementos para o lecer como unha pista de patinaxe, carril bici, dúas pistas multideporte ou un parque infantil.
- **PS6, Usos complementarios,** cun total de 21.199 m².



A XUNTA AUTORIZA DOUS NOVOS PARQUES DO CONCURSO EÓLICO QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO CONXUNTO DE PRETO DE 50 MILLÓNS DE EUROS

- *O eólico Campo Pequeno situarase no concello coruñés da Baña e contará con 9 aerogeradores que suman 27 MW e producirán máis de 74.000 MWh ao ano*
- *O parque Carracedo, situada nos municipios lugueses de Mondoñedo e A Pastoriza disporá de 3 aerogeradores e 9MW con capacidade para producir anualmente preto de 34.000 MWh*
- *Con estes, o concurso eólico suma 17 parques e 410 MW autorizados, cun investimento de máis de 524 millóns de euros*

A Xunta vén de autorizar dous novos parques eólicos do concurso galego que supoñen un investimento conxunto de preto de 50 millóns de euros: o parque Campo Pequeno, situado no Concello da Baña; e o de Carracedo, que se situará nos concellos lugueses de Mondoñedo e a Pastoriza.

O eólico Campo Pequeno, promovido por Eólica Galenova, estará composto por 9 aerogeradores que, cunha potencia total de 27 MW, producirán máis de 74.000 MWh ao ano, o equivalente ao consumo anual de preto de 17.600 fogares galegos. Suporá un investimento de 36,7 millóns de euros.

Pola súa banda, no parque Carracedo, que desenvolverá Norvento, investiranse preto de 13 millóns de euros. Contará con 3 aerogeradores cunha potencia total de 9MW, e estímase que a produción de enerxía anual se aproximará aos 34.000 MWh ao ano, o correspondente ao consumo por exercicio de preto de 8.000 familias.

Con este dous novos parques, o Goberno galego suma 17 parques do concurso aprobados, tras as autorizacións dos eólicos de Acibal, Mondigo, Faro, Cernego, Pico Seco, Friol, Paraño Oeste, Xinzo Norte, Chan do Eixo, Ourol, Tenzas do Aire, a primeira fase de Monte Arca, Cordal-Ousá, Orrea e Alto da Telleira, acadando un total de 410 MW e un investimento de máis de 524 millóns de euros.

Deste xeito, a Consellería de Economía, Emprego e Industria segue a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á recuperación do liderado do sector e á creación de emprego e riqueza para a sociedade. Así, cómpre salientar que o total dos plans industriais asociados ao concurso eólico galego están a xerar xa 1.066 millóns de investimento na Comunidade e teñen permitido crear máis de 2.100 empregos directos.

Así mesmo, o Goberno galego ten moi en conta ás administracións locais, de xeito que por medio do canón eólico se recadaron xa 137 millóns de euros destinados aos municipios. Neste contexto, os novos proxectos que se veñen de autorizar suporán unha importante fonte de financiamento para os concellos da Pastoriza, Mondoñedo e A Baña, que se poderán beneficiar da recadación obtida do mencionado canon.

O SERGAS LICITA POR 7 MILLÓNS DE EUROS A XESTIÓN ENERXÉTICA PRESTACIONAL, E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS E EQUIPOS, DE CENTROS SANITARIOS DE VIGO

- ***Representa unha diminución de gasto nas mesmas prestacións, en termos anuais, dun 11,15% en relación co actual, para os centros que se inclúen no alcance do contrato***

O Consello da Xunta autorizou a contratación, mediante procedemento aberto e suxeito a regulación harmonizada, da subministración enerxética prestacional para o Hospital Meixoeiro e Hospital Nicolás Peña, consistente na subministración de enerxía útil (eléctrica e térmica), a partir da compra e transformación das enerxías primarias necesarias.

O obxectivo fundamental que se pretende conseguir con este procedemento é optimizar a xestión da enerxía dos centros incluídos no seu alcance.

O orzamento total da licitación é de 7.009.354,33 euros (IVE incluído). O dito importe representa unha diminución de gasto nas mesmas prestacións, en termos anuais, dun 11,15%.

A contratación tamén inclúe o mantemento das instalacións e equipos enerxéticos activos, tanto nos devanditos hospitais como no Hospital Rebullón, o Anexo II do Hospital Xeral, diversos centros de saúde e o edificio administrativo de García Barbón. De xeito complementario, o obxecto do contrato recolle tamén a operativa para o control da lexionela de determinados centros.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ACORDO DEFINITIVO ENTRE OS 14 CONCELLOS PARA A POSTA EN MARCHA DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

- *Durante 8 meses foron analizadas todas as propostas dos 14 alcaldes e de máis de 30 voceiros dos grupos municipais para acadar así o maior consenso posible entre os concellos que a integran*
- *O texto final remitido aos concellos responde ás dúas principais cuestións formuladas polo Alcalde de Vigo ao presidente da Xunta ao inicio do proceso: o sistema de gobernanza da Área Metropolitana e o proceso de asunción de competencias por parte desta nova entidade local e o seu financiamento*
- *O acordo permite a posta en marcha dunha área cun modelo de gobernanza e de asunción de competencias que deixa satisfeitos os 14 concellos que a integran na actualidade*
- *Este acordo será agora sometido a debate nos plenos de cada un de dos concellos con carácter previo á súa tramitación administrativa por parte da Xunta de Galicia como proxecto de lei*
- *O acordo recolle a blindaxe legal do compromiso expreso de que todos os concellos que se integren posteriormente na área se deban incorporar, con carácter inmediato tras a entrada en vigor desta lei, ao Plan de transporte metropolitano de Galicia*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace informe sobre o acordo acadado para a posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo, despois de que, onte mesmo, o goberno galego remitirá aos 14 concellos que conforman a actual Área Metropolitana de Vigo o texto froito do acordo acadado na reunión que tivo lugar o 22 de febreiro para a posta en funcionamento da Área.

Durante apenas 8 meses foron analizadas todas as propostas dos 14 alcaldes e de máis de 30 voceiros dos grupos municipais para acadar así o maior consenso posible entre os concellos que a integran. Tratouse, polo tanto, dun proceso de análise polo miúdo sobre cada un dos puntos da proposta remitida polo Concello de Vigo á Xunta de Galicia.

O texto remitido aos concellos responde ás dúas principais cuestións formuladas polo alcalde de Vigo ao presidente da Xunta ao inicio do proceso: o sistema de gobernanza da Área Metropolitana e o proceso de asunción de competencias por parte desta nova entidade local e o seu financiamento.

No tocante ao sistema de gobernanza, incorpórase o sistema de voto ponderado á xunta de goberno metropolitana, o órgano composto polos alcaldes e alcaldesas da Área e cuxas funcións abranguen desde a aprobación dos proxectos de acordos para remitir á Asemblea Metropolitana ata as competencias en materia de persoal ou de

contratación. E introdúcese unha ponderación do voto en función do número de representantes dos distintos concellos na Asemblea Metropolitana, evitando que o voto dos distintos alcaldes ou alcaldesas tivese o mesmo peso independentemente da poboación do seu concello. E por petición dos representantes dos restantes concellos, incorpórase un mecanismo de corrección que introduza un maior equilibrio nos acordos deste órgano, ao entender que o voto ponderado puro desequilibraría o poder dos concellos.

Deste xeito, para a adopción dos acordos nesta Xunta de Goberno Metropolitana, será necesario obter a maioría segundo o cálculo do voto ponderado pero, complementariamente, será tamén necesario que os acordos conciten o acordo de, cando menos, catro concellos.

Estímase parcialmente a pretensión inicial do Concello de Vigo de eliminar a previsión legal de que os vicepresidentes da Área pertencen a grupos políticos distintos ao do presidente. Acéptase a súa posterior proposta de elevar o número de vicepresidencias ata 4 e matízase o requisito de pluralidade para garantir a representación de distintos grupos políticos pero tamén a representatividade territorial e a igualdade de xénero. Así mesmo, inclúese á persoa titular da Presidencia da Área Metropolitana como Vicepresidente da Comisión de Ordenación do Territorio e Urbanismo, encargada da coordinación desta política coa Xunta.

Chegouse tamén ao acordo para incluír, por petición dos Concellos de Cangas e de Redondela, a regulación das posibles suspensións de obrigas económicas ou mesmo de abandono da Área daqueles concellos que optasen por non participar dos servizos comúns, de maneira que cando algún concello constate que, transcorridos dous anos da súa incorporación, non se tivese adherido a ningún dos servizos metropolitanos, poderá aprobar en sesión plenaria a suspensión durante dous anos das súas achegas á entidade. Unha vez transcorridos eses dous anos, o Pleno do Concello deberá celebrar unha nova votación na que opte ou ben pola reincorporación á área ou, polo contrario, polo seu abandono.

No tocante á cuestión das competencias e do seu financiamento, o acordo contempla elementos substanciais, coma a cesión das competencias da Deputación Provincial recollidas na lei e que actualmente o ente provincial vén exercendo no ámbito territorial da Área.

Na materia do transporte metropolitano, créase un Comité de Coordinación integrado por representante da Xunta, outro representante dos concellos da Área con transporte urbano e outro dos concellos carentes del. Non obstante, poderán participar nel, con voz pero sen voto, representantes de cada un dos concellos que integren a Área. O Comité deberá coordinar rutas, frecuencias, horarios e paradas entre autobuses

urbanos, interurbanos e transporte de ría, así como a súa conexión con outros transportes.

Esta proposta garante legalmente as axudas económicas da Xunta, idénticas ás ofrecidas a outras áreas de transporte metropolitano de Galicia e compromete a Área a coordinar os seus sistemas tarifarios para establecer un billete integrado do transporte metropolitano. O acordo recolle a blindaxe legal do compromiso expreso de que todos os concellos que se integren posteriormente na Área deban incorporarse, con carácter inmediato trala entrada en vigor desta lei, ao Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.

O acordo permite a posta en marcha dunha Área cun modelo de gobernanza e de asunción de competencias que deixa satisfeitos os 14 concellos que a integran na actualidade.

Cronograma

O 6 de xullo, o alcalde de Vigo e o presidente da Xunta acordan a necesidade de por en marcha a Área Metropolitana de Vigo e, como consecuencia do compromiso de diálogo adquirido pola Xunta nese encontro, o alcalde de Vigo remite dúas propostas de acordo ao goberno galego. A primeira delas reproduce a fórmula da Área Metropolitana de Barcelona e supón un cambio substancial con respecto ao modelo da lei en vigor mentres que a segunda se cingue á modificación dunha ducia de artigos do texto vixente.

Posteriormente, a Xunta remite aos alcaldes e alcaldesas dos 14 municipios que conforman a Área as dúas propostas remitidas polo Concello de Vigo, acompañados dun cadro explicativo das diferenzas entre elas e coa lei en vigor. Na mesma misiva comunícase aos concellos a intención da Xunta de iniciar unha rolda de contactos cos representantes do goberno local e dos grupos políticos con representación no consistorio. Os ditos encontros foron celebrándose sucesivamente nos 14 concellos, comezando co de menor poboación ata chegar ao maior, culminando así cunha reunión en Vigo. A mediados de xaneiro, unha vez rematadas as roldas de contactos, o vicepresidente mantivo un encontro cos 14 alcaldes para analizar as distintas posibilidades de acordo nos temas de gobernanza, financiamento e transporte, sendo o maior punto de fricción a regulación do transporte metropolitano.

O pasado 3 de febreiro, celébrase unha reunión entre o vicepresidente da Xunta, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda e os 14 alcaldes e alcaldesas, na que a Xunta se compromete a ofrecer unha redacción capaz de atopar un consenso na regulación do transporte metropolitano, que é remitida posteriormente aos concellos cunha proposta de modificación do artigo regulador da competencia da Área Metropolitana sobre transporte público de viaxeiros.

Finalmente, o 22 de febreiro, acádase o consenso final sobre o texto necesario para desbloquear a posta en marcha da Área Metropolitana, polo que o pasado venres 4 de marzo se remitiu unha primeira versión do texto acordado aos 14 concellos para que efectuasen a súa revisión por se resultase necesario engadir algún matiz ou modificación. Desde entón foron recibidas as comunicacións, de varios gobernos municipais e integradas no texto as súas apreciacións, procedéndose a informar onte mesmo da versión final aos 14 concellos.

Este acordo será agora sometido a debate nos plenos de cada un de dos concellos, con carácter previo á súa tramitación administrativa por parte da Xunta de Galicia como proxecto de lei.

A XUNTA ABOARÁ NA NÓMINA DE ABRIL OUTRO 25% DA PAGA EXTRA DE 2012 E COMPLETARÁ EN SETEMBRO A SÚA DEVOLUCIÓN

- *Devolverá este ano unha media de 900 euros a máis de 100.000 traballadores*
- *Percibirán esta devolución todos os empregados públicos da Xunta, das universidades e o persoal do ensino concertado*
- *Galicia xa adiantou a 2015 a devolución da metade desta paga e agora cumpre o compromiso de aboar neste 2016 o 50% restante*
- *A Xunta consolidará o vindeiro ano o fondo para a restitución das retribucións dos empregados públicos, o que permitirá reiniciar o aboamento do complemento específico nas pagas extra*

A Xunta de Galicia aboará na nómina de abril outro 25% da paga extra de 2012 aos empregados públicos da Administración autonómica, e completará en setembro a súa devolución ao conxunto dos empregados públicos. En total, neste ano a Xunta devolverá unha media de 900 euros a algo máis de 100.000 traballadores, incluído o persoal das universidades e do ensino concertado.

O Consello da Xunta abordou hoxe un informe presentado polo conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, no que se establece o cronograma de devolución da paga extra suprimida polo Estado en 2012. A Xunta xa adiantou ao pasado ano a devolución da metade desta paga extra, e neste 2016 completará a súa devolución, tal como se comprometera nos orzamentos da Xunta para o actual exercicio.

En concreto, a Administración galega aboará na nómina do mes de abril outro 25% da paga extra de 2012, e o 25% restante na nómina do mes de setembro. Deste xeito, completará este ano a devolución desta paga a todo o persoal da Xunta de Galicia, tal como se lle trasladou xa ás organizacións sindicais.

A devolución neste exercicio farase cun procedemento similar ao do ano 2015, xa que o pasado ano a Xunta completou a devolución do primeiro 25% en maio de 2015, e devolveu outro 25% no mes de outubro. Isto foi posible grazas á aprobación en outubro de 2015 dunha lei específica para a súa devolución, na cal xa se estableceu tamén o reintegro do 50% restante ao longo de 2016.

Esta devolución farase con cargo ao fondo retributivo posto en marcha coa aprobación da Lei de emprego público de Galicia, que ten por finalidade a progresiva recuperación das retribucións dos empregados públicos.

Complemento específico

A Xunta consolidará en 2017 este fondo para a restitución das retribucións dos empregados públicos, o que permitirá reiniciar o aboamento do complemento específico nas pagas extraordinarias dos traballadores da Administración galega.

A Lei do Emprego Público de Galicia –que entrou en vigor en maio de 2015- incluíu a posta en marcha deste fondo retributivo, e estableceu un prazo de tres anos para a devolución completa da paga extra de 2012 e a reiniciación do complemento específico nas pagas extra. Polo tanto, a previsión da Xunta é adiantarse nun ano ao prazo establecido pola lei.

Unha media de 900 euros

A devolución media neste 2016 será de arredor de 900 euros, e a medida terá un custo de máis de 100 millóns de euros. Algo máis de 100.000 traballadores percibirán esta devolución, incluído o persoal non activo ou que pasou a outras administracións. Tamén está incluído o persoal das universidades públicas e do ensino concertado.

A paga extra de decembro 2012 foi suprimida pola Administración do Estado no marco das medidas aprobadas polo Goberno para facer fronte á crise económica. Esta supresión realizouse a través dun real decreto lei de obrigado cumprimento para todas as administracións públicas. Con todo, a supresión acompañouse dun compromiso de devolución no momento en que as circunstancias económicas o permitisen.

O PROGRAMA GALICIA 1000 REFORZA UN 10% O SEU ORZAMENTO ATA OS 100 MILLÓNS PARA APOIAR PRETO DE 1.500 PROXECTOS DE PEMES GALEGAS

- *O Goberno galego activa a terceira edición deste programa de financiamento que mobilizará ata 330 millóns de euros, de forma que ningún proxecto solvente quede sen apoio*
- *O 67% dos fondos se dedicarán a fortalecer a industria, con especial esforzo na implantación da fábrica intelixente, consolidando a capacidade tecnolóxica das compañías*
- *A nova edición presenta novos instrumentos financeiros que permitirán reforzar o crecemento das pemes e microempresas, permitíndolles gañar tamaño en liña coas prioridades do marco financeiro europeo 2014-2020*
- *Os apoios céntranse en impulsar a internacionalización, o emprendemento, a innovación e o reforzo das estruturas empresariais, apoiando os sectores estratéxicos e emerxentes*
- *No marco do Galicia 1000, durante os últimos dous anos téñense posto en marcha xa máis de 2.000 proxectos empresariais que mobilizaron 400 millóns de euros*

A Xunta de Galicia ten, entre as prioridades da súa política económica, o fortalecemento do tecido empresarial e industrial galego, reforzando o investimento que permita crecer ás compañías da comunidade, impulsando a súa capacidade innovadora e a súa internacionalización, e contribuíndo á súa adaptación á Industria 4.0. Neste contexto, o Consello da Xunta coñeceu hoxe da terceira edición do programa de financiamento Galicia 1000, que destinará 100 millóns a apoiar preto de 1.500 proxectos de pemes galegas que mobilizarán ata 330 millóns de euros.

Este paquete integral, grazas ao que xa se teñen posto en marcha máis de 2.000 proxectos na comunidade que mobilizaron 400 millóns de euros nos últimos dous anos, busca achegar financiamento adaptado ao tamaño, ás necesidades concretas e á situación de cada empresa e está centrado especialmente nas pemes. Para continuar contribuíndo a este obxectivo, a nova edición ten como unha das súas principais novidades a inclusión de instrumentos financeiros innovadores entre as distintas ferramentas das que disporán as empresas, sumándose a liñas como as de capital risco, os préstamos Jeremie e BEI, ou as liñas de avais.

O conxunto de ferramentas supoñen un incremento do orzamento do 10% con respecto á edición 2015, fondos que se centrarán en impulsar a internacionalización, o emprendemento, a innovación e o reforzo das estruturas empresariais, apoiando os sectores estratéxicos e emerxentes.

Dentro deses obxectivos, o programa Galicia 1000 terá posto o seu foco no crecemento empresarial das pemes e micropemes galegas, afrontando así unha das

principais debilidades do noso tecido produtivo, así como a implantación das tecnoloxías e equipos asociados á Industria 4.0, que pivota ao redor da fábrica intelixente.

Neste senso, a nova convocatoria está especialmente volcada na Industria, á que destinará o 67% de todo o seu orzamento, de maneira especial á implantación da fábrica intelixente, en liña con outras iniciativas da Xunta como o Concurso de Ideas Industria 4.0, que dedicará 4 millóns de euros a financiar 4 proxectos demostrativos de tecnoloxías relacionadas coa fábrica intelixente; ou a Iniciativa Captación de Investimentos 4.0, que busca captar investimentos industriais en I+D de máis de 50 millóns de euros asociados á Industria 4.0, que a Xunta poderá apoiar con ata o 40% do custo do proxecto.

Todos se enmarcan na Axenda da Competitividade Galicia-Industria 4.0, que ten como obxectivo a creación de 50.000 empregos industriais ata 2020, levando o peso da industria no PIB ata o 20% antes de que remate a década.

O SERGAS CHEGA A XESTIONAR MÁIS DE 600 ACTIVIDADES ASISTENCIAIS POR MINUTO, MÁIS DE 37 MILLÓNS DURANTE 2015

- *Durante este ano certificáronse actuacións TIC financiadas con fondos europeos FEDER de I+D+i do período 2012-2015 por un importe final de 37,3 millóns de euros.*
- *O 63% deste investimento corresponde a 24 novos produtos TIC, licitados utilizando a modalidade de Compra Pública Innovadora, da que esta consellería é referente a nivel nacional e europeo*
- *Durante o período 2014-2015, a través de dous convenios asinados coa entidade pública Red.es, investíronse 21,6 M€ en renovar preto da metade das infraestruturas tecnolóxicas do Sergas*
- *O 100% dos centros sanitarios públicos e residencias sociosanitarias públicas teñen acceso a IANUS; e o 100% dos centros de saúde e hospitais teñen implantada e-receita, telemedicina e imaxe dixital*
- *Grazas á e-receita a porcentaxe de citas administrativas pasou do 20% no ano 2009 ao 8% no ano 2015*
- *Durante o 2015 quedou implantado o software libre ofimático na totalidade dos pc da organización, o que permitirá un aforro anual en licencias de case 600.000 euros*
- *En novembro de 2015 certificouse o Sistema de Xestión de Seguridade da Información segundo o estándar da ISO 27.001-2014*

O Consello da Xunta de Galicia reunido no día de hoxe vén de abordar un informe da Consellería de Sanidade referido á execución dos proxectos de Tecnoloxías da Información durante o ano 2015.

Na infraestrutura de telecomunicacións da sanidade pública galega destacan datos como o funcionamento de 21.488 pc, 1.796 servidores, máis de 10.000 impresoras, 2.087 puntos wifi, máis de 1.295 liñas de comunicación e 30.273 extensións telefónicas. Entre os indicadores principais destaca que, durante o ano 2015, se xestionaron 37.421.011 actos ou actividades asistenciais a través dos sistemas de información do Sergas (citas, atencións en urxencias e intervencións cirúrxicas), o que supón máis de 600 actos asistenciais, 950 receitas electrónicas e 3.300 imaxes radiolóxicas no minuto de máis actividade de cada día.

Actualmente, o 100% dos centros sanitarios e residencias sociosanitarias públicas e o 50% dos hospitais concertados teñen acceso a IANUS, que é o sistema de información para a xestión da historia clínica electrónica en Galicia. O 100% da imaxe médica xerada no Sergas é dixital; e todos os centros de saúde e hospitais teñen acceso á imaxe dixital e á e-receita, e poden usar telemedicina.

A implantación da e-receita permitiu unha rebaixa da porcentaxe de citas administrativas que pasou do 20% no ano 2009 ao 8% no ano 2015. O sistema permite aos pacientes retirar as medicinas recetadas polo seu médico presentando simplemente a tarxeta sanitaria en calquera oficina de farmacia da comunidade, e os pacientes crónicos reducen o número de visitas que deben realizar para renovar e homologar as súas receitas. Ademais, permite aumentar o tempo de consulta dos médicos para dedicalo a labores de diagnóstico e tratamento.

ANO 2015	CADA MINUTO DO ANO	NO MINUTO DE MÁIS ACTIVIDADE	NUN ANO
Actos asistenciais	71	600	37.421.011
Accesos á web do Sergas	15		7.643.821
Recetas dispensadas	119	950	62.436.941
Anotacións na historia clínica	82	680	43.222.027
Nº de imaxes (*)	395	3.300	207.685.783
Accesos á historia clínica	79	660	41.339.673
Correos electrónicos enviados	77		40.496.217

(*) Debe terse en conta que os estudos están compostos de máis dunha imaxe

Sanidade máis accesible para cidadáns e profesionais

O informe recolle o avance na accesibilidade do cidadán ao sistema sanitario a través do uso das TIC, así, desde xaneiro de 2015, pódese acceder ao servizo de citación en Atención Primaria a través de dispositivos móbiles. A porcentaxe de cidadáns que usan a cita por internet ascendeu ao 28,91%.

Tamén destaca a consulta telefónica habilitada en 2014. Durante o 2015, o 99,8% das citas telefónicas foron resoltas sen necesidade de acudir ao centro de saúde, o que aforrou aos pacientes desprazamentos aos centros. O número de citas telefónicas representa o 8,58% sobre o total de citas.

O Sergas tamén ten á disposición dos profesionais recursos como o expediente electrónico do profesional (expediente-e) para procesos selectivos e listas de contratación, co que os profesionais só teñen que introducir os seus datos, publicacións e méritos unha soa vez, e xa quedan rexistrados no sistema. O pasado ano o número de currículos electrónicos de profesionais e aspirantes seleccionados a través do expediente electrónico (expediente-e) ascendeu a 147.335. Tamén

aumentaron as publicacións ao servizo dos profesionais na Biblioteca virtual (Bibliosaúde), que ascenderon a 8.377, e houbo 73.396 alumnos en e-learning.

Hospital 2050 e innovaSaúde

O informe presentado esta mañá tamén destaca o investimento de 37.328.624 euros en TIC no período 2012-2015 nos proxectos InnovaSaúde e Hospital 2050.

O 63% do investido en TIC (23.403.843 euros) corresponde á un total de 24 novas solucións desenvolvidas a través da Compra Pública de Tecnoloxía Innovadora no marco destes proxectos, que están a desenvolver un total de 28 empresas distintas.

Outros proxectos desenvolvidos

Ademais dos proxectos de CPTI, o Informe de execución dos proxectos de Tecnoloxías da Información no 2015 destaca a renovación de infraestrutura tecnolóxica a través de dous convenios de colaboración asinados con red.es: un convenio bilateral asinado no ano 2013, que permitiu desenvolver actuacións por 15 millóns de euros; e un convenio trilateral (incluíu tamén ao Ministerio de Sanidade) asinado no ano 2014, que permitiu desenvolver actuacións por 6,64 millóns de euros.

Tamén renovación da plataforma ofimática que supuxo a unificación de plataforma e escritorio, e a renovación do 50% dos pc; implantouse unha solución para a xestión de ofimática nos 21.488 pc baseada en software libre, co obxectivo de conseguir unha redución significativa do gasto en licenzas software, que supón un aforro anual de 594.503 euros.

Ademais, en novembro de 2015 certificouse o Sistema de Xestión de Seguridade da Información segundo o estándar da ISO 27.001-2014, culminando o traballo realizado durante anos na Subdirección en materia de seguridade da información. Esta certificación proba unha xestión eficaz da seguridade da información, que permite garantir a súa confidencialidade, asegurando que só quen estea autorizado poida acceder á información; a súa integridade, asegurando que a información e os seus métodos de proceso son exactos e completos; e a súa dispoñibilidade, asegurando que os usuarios autorizados teñen acceso á información e aos seus activos asociados cando o requiran.